



## CONCURSO «SELFIE LIX» 2019

Con ocasión do DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL, a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil, co patrocinio do Ministerio de Cultura y Deporte, convoca o concurso «Selfie LIX Día Internacional».

### PARA PARTICIPAR:

1. Poden participar todos os lectores e lectoras que estean a cursar Primaria ou primeiro ciclo de Secundaria, a través do seu centro docente ou dende a biblioteca. A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola súmase á celebración deste concurso.
  - Escoller unha ilustración dun personaxe ou unha escena da literatura infantil e xuvenil.
  - Facer unha fotografía que recree o personaxe ou a escena escollida.
  - Presentar a fotografía xunto co fragmento ou a ilustración que a inspira, indicando o título do libro ao que pertence
2. En todos os traballos deberán constar os datos de identificación dos seus respectivos autores ou autoras: nome e apelidos, idade, ano de nacemento e curso escolar, así como tamén o nome do profesor/a ou bibliotecaria/o e o nome, dirección e teléfono do centro cun correo electrónico de contacto.
3. As persoas participantes poden entregar ou enviar por correo electrónico á Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola ([biblio.publica.pontevedra@xunta.gal](mailto:biblio.publica.pontevedra@xunta.gal)) os seus traballos antes das 14.00h do 30 de marzo de 2019. Cada un dos traballos ten que vir acompañado da autorización da nai/pai ou titor para a reprodución das fotografías nas redes sociais.
4. A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola seleccionará tres traballos por cada categoría e os enviará antes do día 2 de abril á Organización do concurso.
5. Establécese un premio para cada unha das seguintes categorías e ámbitos lingüísticos:
  - Primeiros lectores (1º, 2º e 3º de Primaria)
  - Lectorado avanzado (4º, 5º e 6º de Primaria)
  - Superlectores (1º e 2º de Secundaria)

Cada un dos premios estará dotado cun diploma e un lote de libros para as e os premiados e a entidade (biblioteca ou centro docente) que presente os traballos.

6. O xurado cualificador estará integrado por representantes de cada unha das seccións da OEPLI.
7. O ditame do Premio terá lugar no mes de maio, antes do día 21 e a entrega dos premios celebrarase na data e no lugar que acorde GÁLIX, Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.
8. Non se devolverán os orixinais aos seus respectivos autores e autoras unha vez pronunciado o concurso. A OEPLI e as súas seccións poderán utilizar as fotos gañadoras en diferentes soportes e usos relacionados co DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL, sen que iso dea dereito a retribución algunha para as/os concursantes.
9. A participación no concurso supón a autorización dos pais, nais ou tutores dos menores para que as fotos poidan ser reproducidas e difundidas a través das redes sociais e da páxina web da OEPLI e das diferentes seccións territoriais.
10. A presentación de orixinais para o concurso tamén supón a aceptación e conformidade coas presentes bases.

**Biblioteca Pública de Pontevedra, Tlf. 886 159 250**  
**[biblio.publica.pontevedra@xunta.gal](mailto:biblio.publica.pontevedra@xunta.gal) ([bibliotecas.xunta.gal/pontevedra](http://bibliotecas.xunta.gal/pontevedra))**